



Fina Casalderrey contará na presentación do seu libro cunha contacontos

«Cos nenos pódense tratar todos os temas, pero con coidado»

A autora galega máis prolífica presenta hoxe «Un día de vaca e caca», un conto breve sobre os roles de homes e mulleres

Erik Dobaño

A CORUÑA

■ Fina Casalderrey (Xeve, 1952) presenta hoxe en Compostela a súa última obra, *Un día de vaca e caca* (Baía). Faino da man dunha contacontos, Miriam Crespo, unha experiencia que repite despois de moitos anos. «A última vez, con Paula Carballeira, gustoume máis escoitar a historia da súa boca que a miña lectura». O conto, xa publicado en catalán e vasco, preséntase coma un reflexión sobre os conflitos de xénero.

—Na súa novela anterior falaba dos prexuízos fronte aos inmigrantes. Agora, das relacións entre sexos. ¿Interésanlle os debates ao fio da actualidade?

—Escribo ao pé da reali-

dade. Pretendo converter o cotián en fantasía. O que busco é contar unha boa historia, sen máis. Supoño que transmito certos valores porque son os que teño, pero non condicionan as miñas historias.

—¿Volve empregar aquí o recurso de pór o lector na pel do outro?

—Este conto vai máis alá do que pasa entre homes e mulleres. Falo de dereitos, pero tamén de capacidades. Hai un pai e unha nai, pero non se sabe quen é quen, porque teñen nomes que valen para calquera sexo. Non hai nin masculino nin feminino ata o final. É un xogo co lector, quen, supoño, se trabucará á hora de atribuír os roles.

—Soa a unha reivindicación feminista.

—Non reivindico nada. Xa digo que non meto os meus puntos de vista a machada. Prefiro situar ao lector ante as súas, as nosas, contradicións.

—¿E os rapaces aprécianas?

—Eles tamén teñen a súa crueldade. Pero decátanse de cando algo está mal. Na novela de Amina [*A lagoa das nenas mudas*], os nenos acababan pódose do lado da emigrante. Tamén Severo.

—¿Que outros debates de actualidade lle apetece tocar en próximas novelas?

—Uf! Os malos tratos, o acoso, a desestruturación da familia... Claro que son difíciles para os nenos. Pero existen e eles os sofren. Cos nenos pódense tratar todos os temas, pero con coidado.